



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
16 DE DECEMBRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Cesantes para a Comisión Territorial do PXOM.**
- 2.- Proxecto Redondela 2020.**
- 3.- Proxecto de compostaxe e Reciclado Redondela 2016-2020.**
- 4.- Propostas modificación regulamento Consellos Parroquiais.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e dez minutos, do día dezaseis de decembro de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais e a súa suplente M^a. Magdalena Ramoné Otero
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais e o seu suplente José Manuel Rivas Iriarte.
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas e o seu suplente Jesús
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Nuria Cristina Rodríguez Fernández, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

O Presidente explica que é un consello parroquial extraordinario solicitado polo concelleiro de medio ambiente e participación cidadá Miguel Ángel Álvarez Ballesteros e pásalle a palabra.



CONCELLO DE REDONDELA

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros informa que como concelleiro de participación cidadá e prefería explicar en persoa os temas da orde do día. Comeza polo punto 2 da orde do día.

1.- Proxecto Redondela 2020.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explica en que consiste Redondela 2020. Éntrese a través da páxina web do Concello, onde se poden ver as propostas que hai e facer aportacións a esas ideas.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregúntalle cantas aportacións houbo.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que sobre 130, que entrando na páxina web se pode consultar.

Leonardo Cabaleiro Couñago dílle que hai que buscar máis alternativas que facilite o acceso a xente que non use as novas tecnoloxías.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explica que asiste ao consello para recordalo e dende os consellos parroquiais teñen que difundilo entre os distintos colectivos e ver as propostas.

Francisco J. Táboas Carrera pregunta se se pode a través da páxina web.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que tamén a través do rexistro do Concello.

Fernando González Fontán comenta que se puido convocar un consello para explicar en que consiste Redondela 2020, xa que é consultivo e informativo.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explícalle que é un tema para todo o Concello de Redondela, xa se fixo unha xuntanza no Multiusos da Xunqueira e unhas persoas expertas no tema explicaron para todos en que consistía. El anima a xente para que faga aportacións, para que participe.

Leonardo Cabaleiro Couñago comenta que hai que buscar mecanismos máis accesibles.

Fernando González Fontán pregunta por qué non se segue o procedemento dos consellos parroquias, aprobación da acta, etc

O Presidente explícalle que é un consello extraordinario, nin se aproba a acta anterior nin hai rogos e preguntas.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros lee un artigo do Faro de Vigo, no que se da publicidade a Redondela 2020.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente engade que no consello parroquial de outubro non se levou Redondela 2020 porque aínda estaba empezando, agora explica que xa se pode participar e facer aportacións.

2.- Proxecto de compostaxe e Reciclado Redondela 2016-2020.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explica que xa fai anos se repartiron sobre uns 400 composteiros, fai un ano estiveron polas parroquias explicando o proceso de compostaxe, incluíndo a parroquia de Cesantes. Agora querese continuar con esas actuacións para en 2020 reducir o lixo dos contenedores orgánicos, xa que no Concello na recollida do lixo hai un déficit de 1.800.000 euros. Comenta que se teñen que implicar todos, que a través da Deputación van vir uns mestres composteiros a dar charlas para explicar como se fai a compostaxe, repartiranse composteiros e faraxe un programa para os colexios.

Continúa explicando que se botan moitas cousas nos contenedores que non se poden, como pedras, canos de verduras, cesped, animais mortos, etc. O goberno que esté en 2020 pode ser sancionado por estas infraccións.

Así mesmo, reparte unha folla coas contas do Concello na que se reflexa o gasto na recollida de lixo, tense que lograr aforrar no lixo.

Engade que se levarán a cabo as seguintes actuacións: compostaxe individual, compostaxe colectiva no centro de Redondela e como unha experiencia piloto, levarase a Ecocelta o lixo dos grandes produtores como poden ser invernadoiros, restaurantes, etc. Indica que todo isto se está poñendo en marcha e se reciben aportacións.

Leonardo Cabaleiro Couñago pide a colaboración entre todos que apoiem estas propostas e poder aproveitarse das axudas da Deputación.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explica que o tema de reciclaxe, de recollida de papel, vidros, embases, etc, non se paga nada, o leva Urbaser. Non se poden poñer máis contenedores porque hai máis dun millón de euros de déficit e non se pode gastar en contenedores. Indica que se nas auditorías que se realizan sobre o reciclado todo está correcto o Concello recibe unha contraprestación económica que se acordou que a cobre Urbaser e o Concello a cambio lle pide unhas contraprestacións como que poñan máis contenedores, etc.

Ademais explica que os composteiros que dá a Deputación son en préstamo, farase un seguimento para que se utilicen ben, un composteiro vale uns 80 euros, polo que ensinarán como se pode facer un composteiro.

Fernando González Fontán di en relación co tema, que hai que ter os contenedores en condicións e por qué uns veciños pagan 35 euros e outros 71 de lixo.



CONCELLO DE REDONDELA

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que todos temos que mellorar e aunque iso non está na orde do día vaille contestar. A taxa por recollida alterna é de 35 euros e de recollida diaria 71 euros, estas taxas estaban sen actualizar, colléronse os datos do IBI e hai algúns erros que se están corrixindo.

Fernando González Fontán indica que a lei é para todos e quen verta entullos que pague por iso. Di que Urbaser non está limpando os contenedores e que algúns están rotos. Pide que se cumplan as cláusulas do contrato. Solicita que se faga un seguimento a Urbaser para comprobar se as está cumprindo, que se revisen as cuotas que se pagan, os servizos que se precisan en cada sitio e que se coloquen contenedores donde máis se usen, que se faga un estudo vendo as necesidades dos veciños.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros lle explica que no tema dos contenedores, no contrato está regulado que cada 10 anos teñen que cambiar todos os contenedores, no ano 2017 deben cambiar todos, indica que hai en zonas nas que xa se cambiaron e hai distintos contenedores, estanse facendo bases para suxeitar os contenedores etc.

Fernando González Fontán indica que hai zonas nas que un contenedor non chega, como no caso da zona do campo de fútbol de Cesantes, por exemplo.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que hai sobre un 70 contenedores máis que outros anos, pero uns contenedores se enchen máis que outros poñendo de exemplo un contenedor de vidro.

Leonardo di que falando as cousas todo se entende e pide colaboración entre todos.

Arsenio Martínez Ricón comenta do tema do contenedor na estrada de Catapeixe que está na beirarrúa, aí non está ben e pide que quede libre.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros lle explica que ese contenedor xa se probou a cambiar de sitio e aos dous días estaban os veciños protestando. Non hai problema en movelo se todos os veciños están de acordo.

Ademais indica que os contenedores lávanse cada mes en inverno e cada 15 días en verán.

Fernando González Fontán e Juan Carlos Araújo Alonso din que iso non se está cumprindo, que non se están lavando.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explícalles que se teñen probas que o denuncien e sancionarse a Urbaser.

Fernando González Fontán preguntalle se no PXOM se está regulando o tema dos contenedores.



CONCELLO DE REDONDELA

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que se contemplará en determinados casos.

3.- Propostas modificación regulamento Consellos Parroquiais.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros explica que o regulamento que hai é do ano 2000, houbo unha serie de mocións no Pleno, fixeron unha proposta de modificación do regulamento, que se poden facer propostas de modificación, se xuntarán todas e se formará unha proposta xenérica para funcionar o mellor posible. Pide que se fagan aportacións e lles das unha copia das que fixo o consello do Viso.

Fernando González Fontán di que hai un acordo plenario aprobado e reitera que un cambio tan importante como é o regulamento que se debería haber convocado unha reunión antes de explicar a modificación do regulamento.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros contéstalle que hai 12 consellos e non hai tempo para todo, fixeron unha proposta e agora cada parroquia que faga propostas e logo farase unha en común.

Fernando González Fontán pregunta por qué non se informou á Federación de colectivos de Redondela da modificación do regulamento.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros di que coa Federación houbo varias reunións pero xa fai tempo.

4.- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Cesantes para a Comisión Territorial do PXOM.

Jorge Rodríguez Crespo di que basicamente queren que lle expliquen en que consiste ese nomeamento, que vai a ter que facer ese representante.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros lles explica que é escoller a alguén da parroquia, sería máis adecuado unha persoa maior porque sabe todos os lindes, está xubilada e dispón de máis tempo, para acompañar a empresa e ver o relativo á parroquia

Leonardo Cabaleiro Couñago pregúntalle por qué Cesantes ten que nomear a un e en Cedeira nomearon a dous.

Francisco J. Táboas Carrera di que pode ser máis dunha persoa.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros indica que ten que ser xente que coñeza ben as zonas da parroquia.

Leonardo Cabaleiro Couñago propón como entidade destacada pola labor que fai o Obradoiro Fernando Monroy e a Asociación de Veciños, a parte do que aporten outros colectivos.



CONCELLO DE REDONDELA

Luis Antonio Medal Martínez pregunta para que sería ese representante.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros lle explica que para acompañamento á empresa e coñecemento da parroquia.

Luis Antonio Medal Martínez entende que a máis indicada sería a Asociación de Veciños, que o Obradoiro fixo algún estudo de lindes.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros indica que ten que ser alguén que teña tempo e actuará como enlace. Ademais di que non teñen que nomear hoxe o representante, que o pensen e cando o decidan que o comuniquen.

Fernando González Fontán informa en nome do resto dos colectivos que non están representados, que se teñan en conta para a modificación do regulamento, que cando se debata a modificación poidan estar, xa que deberían ter voz para as aportacións para a modificación do regulamento.

Jorge Rodríguez Crespo contéstalle que iso xa se debatiu e decidiuse que a praza vacante era para outra asociación de veciños ou de mulleres.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.